



## De pedais e peóns

Do político colombiano Enrique Peñalosa apenas sabía eu nada até que hai uns meses concedeu unha entrevista para un reputado xornal dinamarqués, o Weekendavisen. Ao estar escrita en danés, entender non entendín moito, pero fun espelido abondo para facer que unha nativa mo traducise. Un que ten recursos. E pagou e pena. A tal punto que me decidín a seguirlle a pista a aquel homiño de pelo cano e topei pola rede cun par de entrevistas súas que aínda non estaban nada mal, baleiras de contido abofé que non eran. Non obstante, a dicir verdade, non é Peñalosa quen a min me interesa, nin tan sequera a súa forma de entender a política, senón unha actuación moi concreta que tivo a ben levar a cabo: o deseño por parte do seu equipo de goberno dunha rede de ciclorrutas en Bogotá, que seica resultou todo un éxito e que eu envexo para o meu país, así, en conxunto, xa postos a pedir.

Ao parecer, en 1999 a porcentaxe de colombianos que tiraban proveito da bicicletas nos seus desprazamentos urbanos na capital non chegaba ao 0.2%, namentres que seis anos máis tarde esta cifra medrou até acadar un rechamante 5%. Aí é nada. Rigoroso, Peñalosa puña de relevo que as cidades, tal cal nós as concibimos, levan sendo parte fundamental da vida humana por volta de cinco milenios e que, en troques, os automóviles a duras penas van máis aló de 80 anos de nada, se ben é certo que o primeiro vehículo autopropulsado data da segunda metade do século XVIII, obra dun tal Cugnot; mais a fabricación do primeiro vehículo nin moito menos implica a prioridade para estes, que quede ben clariño. Sexa como for, dende aquela xa choveu, e por desgraza neste eido nós imos para atrás coma os caranguexos, cedendo voluntariamente os espazos urbanos para esas máquinas ruidosas que nunha cidade son total e absolutamente prescindíbeis. Porque as cidades non foron feitas para motoristas, no sentido amplo do termo, senón para os seres animados sen necesidade ningunha de accesorios mecánicos, para nós, que temos patinas e mal que ben damos camiñado e pedaleado, e moi mal ten que estar a cousa, que sempre pode estar, para non dar arrexuntado unhas brancas para pagar o billete do bus.

Sinceramente, eu non albergo moitas dúbidas canto a que o futuro pasa por centros urbanos peonís con zonas adaptadas para o transporte público e ciclovías a esgalla. En coherencia, non queda outra. Por máis que se obvie dende a desfasada clase política, cómpre recuperar a cordura urbanística, botar man das bicicletas de paseo, do sentidiño e da peonalización. A pregunta é: quen ou cal, en conciencia e dunha maneira seria, será aquela figura pública ou administración que aprenda dos pasos dados por Peñalosa?